

CONVOCATORIA	Proceso selectivo convocado para cubrir con funcionario/a interino/a sen praza un posto de auxiliar administrativo/a codificador/a de datos para a execución do programa de carácter temporal “III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas”
PRAZA/POSTO	1569 - Auxiliar administrativo/a codificador/a de datos
TIPO	SEGUNDO EXERCICIO - SUPOSTO PRÁCTICO
TEMPO MÁXIMO DE REALIZACIÓN	1 hora e 15 minutos
DATA	04/05/2026

1.- ENUNCIADO:

Un concello presenta solicitude ao III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas para a construción dunha pista cuberta.

A solicitude preséntase dentro de prazo, pero:

- Non se achega a memoria técnica completa.
- O orzamento non está desagregado.

O órgano instrutor detecta estas deficiencias pero continúa a tramitación sen requirir emenda, e posteriormente propón a súa exclusión.

Analice se é correcta a actuación administrativa e as consecuencias xurídicas (2 puntos).

2.- ENUNCIADO:

Un concello presenta como gasto subvencionable:

- Factura de subministración de material deportivo sen número de factura.
- Factura con base imponible e IVE pero sen identificación completa do destinatario.

Analice se son válidas conforme ao Real Decreto 1619/2012 e como debe actuar a Administración (2 puntos).

3.- ENUNCIADO:

Durante a tramitación, notifícase electronicamente un requirimento de emenda. A entidade non accede á notificación ata 12 días despois da posta á disposición.

Analice cando se entende practicada a notificación e as consecuencias no cómputo de prazos segundo a Lei 39/2015 (2 puntos).

4.- ENUNCIADO:

Na fase de codificación de datos, o persoal introduce datos erróneos dunha conta bancaria (IBAN) do concello beneficiario, o que provoca un pagamento indevido a outra entidade.

Analice a responsabilidade administrativa e as medidas a adoptar conforme ao Regulamento Xeral de Protección de Datos (2 puntos).

5.- ENUNCIADO:

Un concello obtén subvención para modernización dunha instalación deportiva pero non a executa nin a xustifica.

Analice se procede o reintegro e o procedemento aplicable segundo a Lei 38/2003 (2 puntos).